

Bases de selección do persoal docente

Proxecto territorial RenÓbrate · Concello de Sanxenxo · Itinerario: Albanelaría e pavimentos urbanos
Fundación Laboral da Construción · Programa experiencial RenÓbrate

1. Obxecto

Estas bases regulan o proceso de selección e contratación de perfil docente para o proxecto territorial RenÓbrate no Concello de Sanxenxo, correspondente ao itinerario de albanelaría e pavimentos urbanos. A selección orientarase á maior adecuación técnica, docente e funcional das persoas candidatas ao proxecto, ás actuacións previstas e ao obxectivo de inserción laboral do alumnado-traballador.

2. Marco xurídico e criterios de aplicación

O proceso rexeráse polo Convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e a Fundación Laboral da Construción para a realización do programa experiencial de formación e emprego RenÓbrate, pola normativa laboral aplicable, pola normativa de protección de datos e polos criterios técnicos que resulten esixibles para a impartición da formación autorizada.

- A maior adecuación da cualificación ao posto docente e ao itinerario formativo constitúe criterio estratéxico e prioritario.
- A Fundación poderá determinar o perfil, as características, os requisitos, os baremos e, se procede, as probas que se apliquen, dentro do marco do Convenio Xunta-Fundación.
- Poderá valorarse positivamente a experiencia previa en programas experienciais de emprego-formación, obradoiros, escolas taller ou formación para o emprego.
- En igualdade de condicións de cumprimento do perfil requirido, terán preferencia as persoas en situación de desemprego.
- A contratación efectiva quedará condicionada á comprobación dos requisitos e, se resulta procedente, á validación técnica/docente pola Consellería ou polo órgano competente.

3. Proxecto territorial e ámbito formativo do persoal docente

O proxecto territorial do Concello de Sanxenxo inclúe un itinerario de albanelaría e pavimentos urbanos. Para estas bases só se recollen os bloques da formación específica que poderá impartir ou apoiar o persoal docente seleccionado, sen desenvolver a totalidade da formación transversal do programa.

Bloque	Denominación	Horas
E1	Montaxe de medios auxiliares e de protección	8 h
E2	Traballos de albanelaría	140 h
E3	Revestimentos con pezas rixidas	56 h
E4	Tendido de instalacións e albanelaría para urbanización	74 h
E5	Elaboración de pavimentos peonís con pezas rixidas en urbanización	146 h
TOTAL	Formación específica vinculada ao perfil docente	424 h

A impartición efectiva de cada bloque, sesión ou tarefa práctica distribuirase pola dirección do proxecto en función da planificación, das necesidades de execución e da idoneidade técnica e docente acreditada polas persoas seleccionadas.

4. Perfil único

Convócase un perfil único e polivalente no ámbito de albanelaría, revestimentos, pavimentos urbanos e obra civil auxiliar.

Na valoración técnica e na baremación poderán puntuarse de maneira diferenciada os coñecementos e experiencia nas distintas áreas do itinerario, especialmente: albanelaría, fábricas, morteiros, revestimentos con pezas ríxidas, pavimentos peonís, rasantes, arquetas, saneamento e obra civil auxiliar. A Comisión poderá propoñer a contratación das persoas que, individualmente ou de forma complementaria, ofrezan a mellor cobertura global do itinerario.

5. Funcións principais

- Elaborar, xunto coa dirección, a programación didáctica e a planificación das actividades teórico-prácticas do itinerario.
- Impartir os contidos formativos asignados e coordinar a aprendizaxe práctica nas actuacións autorizadas.
- Preparar materiais, ferramentas, exercicios, demostracións, tarefas de avaliación e rexistros de aprendizaxe.
- Controlar asistencia, puntualidade, actitude, rendemento e cumprimento das normas de seguridade do alumnado-traballador no seu ámbito.
- Garantir o uso de EPIs, orde, limpeza e seguridade nos espazos de traballo, en coordinación coa dirección do proxecto.
- Custodiar e controlar os materiais, ferramentas e maquinaria asignados.
- Colaborar coa dirección e co persoal de orientación/prospección na inserción laboral do alumnado.
- Comunicar incidencias e elaborar informes ou rexistros formativos cando se requira.

6. Requisitos obrigatorios

- Acreditar titulación, certificado profesional, competencia profesional ou experiencia suficiente vinculada aos bloques formativos que se vaian impartir no itinerario de albanelaría e pavimentos urbanos.
- Dispoñer da competencia docente esixible ou estar exento/a nos termos previstos pola normativa aplicable.
- Acreditar experiencia profesional suficiente no oficio ou especialidade, especialmente cando se actúe como persoal experto.
- Ter coñecemento operativo de galego suficiente para impartir formación e comunicarse co alumnado; poderase acreditar mediante Celga ou proba equivalente cando resulte necesario.
- Dispoñer de carné de conducir B e dispoñibilidade para desprazamento a centros, obras e espazos de actuación cando a organización do proxecto o requira.
- Ter capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto e non estar incurso/a en causa que impida a contratación laboral coa Fundación.

A titulación, certificado, curso ou experiencia utilizados para acreditar un requisito mínimo non se valorarán novamente como mérito, agás respecto do exceso acreditado sobre o mínimo necesario.

7. Presentación de solicitudes e documentación

As persoas interesadas deberán presentar a solicitude no prazo e polos medios indicados na convocatoria. A documentación mínima será a seguinte:

- Solicitude asinada e declaración responsable.
- DNI/NIE.
- CV actualizado.
- Titulacións, certificados profesionais ou acreditacións de competencia.
- Documentación acreditativa da competencia docente ou exención.
- Vida laboral e contratos/certificados de empresa ou documentación equivalente.
- Acreditación de experiencia por conta propia, se procede, mediante vida laboral, IAE/censo e documentación probatoria suficiente.
- Formación complementaria, PRL, metodoloxía didáctica e coñecemento de galego.
- Carné B, se se esixe ou se valora.

A Comisión poderá solicitar aclaracións ou documentación complementaria sobre méritos alegados en prazo, sen que iso permita achegar novos méritos fóra do prazo establecido.

8. Comisión de Selección

A Comisión de Selección será designada pola Fundación Laboral da Construción e estará composta por un mínimo de dúas persoas con cualificación e experiencia suficiente para valorar os perfís convocados. Poderá contar con asesoramento técnico especializado, con voz e sen voto, cando a natureza da proba ou entrevista así o aconselle.

A Comisión actuará con suxeición aos principios de igualdade, obxectividade, transparencia, non discriminación, mérito, capacidade e adecuación ao posto/proxecto. Así mesmo, poderá interpretar estas bases, resolver incidencias, solicitar aclaracións ou documentación complementaria e deixar constancia documental das súas decisións mediante acta.

9. Fases do proceso e puntuación

Fase	Puntuación máxima	Corte mínimo
Proba técnica / entrevista didáctica estruturada	60 puntos	36 puntos sobre 60
Baremación obxectiva de méritos	40 puntos	Sen corte mínimo
Total proceso	100 puntos	Será preciso superar o corte da proba/entrevista para ser considerado/a idóneo/a

10. Proba técnica / entrevista didáctica estruturada

Criterio	Puntos	Descrición
Dominio técnico global do itinerario	20	Coñecemento de materiais, ferramentas, procedementos, calidade e resolución de incidencias en albanaría, revestimentos, pavimentos urbanos e obra civil auxiliar.
Capacidade didáctica / microclase	15	Claridade na explicación, secuenciación de tarefas, demostración práctica, adaptación ao alumnado-traballador e aprendizaxe baseada en obra.
Planificación e avaliación	8	Programación de sesións, avaliación, rexistros de aprendizaxe, atención a diferentes ritmos e coordinación coa dirección.
Seguridade e saúde laboral	7	Identificación de riscos, EPIs, organización segura, orde e cultura preventiva no oficio.
Adecuación ao proxecto do Sanxenxo	7	Capacidade para adaptar a docencia ás actuacións de albanaría e pavimentos urbanos, ás necesidades do territorio e ao tecido empresarial.
Apoio á inserción e competencias transversais	3	Contribución á orientación profesional, hábitos laborais, empregabilidade e comportamento profesional do alumnado.
TOTAL	60	Corte mínimo: 36/60.

11. Baremo obxectivo de méritos

Bloque	Mérito	Puntos máx.	Observación
--------	--------	-------------	-------------

Bloque	Mérito	Puntos máx.	Observación
A	Experiencia profesional no sector da construción vinculada ao itinerario	14	Segundo desglose do Anexo II. Inclúe experiencia por conta allea ou propia en albanelaría, revestimentos, pavimentos, urbanización, saneamento, arquetas, rasantes ou obra civil auxiliar.
B	Experiencia docente técnica relacionada	8	Segundo horas de impartición acreditadas conforme ao Anexo II. Docencia en construción, FP/FPE ou formación técnica relacionada co itinerario.
C	Experiencia en programas experienciais, obradoiros ou escolas taller	5	Experiencia docente ou técnica en programas públicos mixtos de emprego-formación ou formación subvencionada.
D	Formación en prevención de riscos laborais	6	PRL do sector da construción, oficio, nivel básico, medios auxiliares, traballos en altura, maquinaria ou similares.
E	Formación didáctica ou metodolóxica adicional	4	Metodoloxía docente, avaliación, titorización, formación de formadores ou competencia docente adicional non usada como requisito.
F	Titulacións/certificacións complementarias relacionadas	2	Titulacións, certificados profesionais ou acreditacións técnicas vinculadas ao itinerario e non usadas como requisito.
G	Competencias lingüísticas/dixitais útiles para a docencia	1	Galego acreditado ou ferramentas dixitais aplicadas á docencia, rexistros ou seguimento formativo.
	TOTAL	40	

Os méritos deberán estar suficientemente acreditados. Non se valorarán méritos non documentados, non relacionados co posto ou achegados fóra de prazo, sen prexuízo das aclaracións que poida requirir a Comisión sobre documentación presentada en prazo.

12. Desempates, posto deserto e listaxe de reserva

- Maior puntuación na proba técnica/entrevista didáctica estruturada.
- Maior puntuación no criterio de dominio técnico global do itinerario.
- Maior puntuación na experiencia profesional vinculada ao itinerario.
- Maior experiencia docente relacionada.
- Maior experiencia en programas experienciais/obradoiros.
- Preferencia, en igualdade de condicións de cumprimento do perfil, da persoa desempregada.
- Maior idade, se persiste o empate.

A Comisión poderá declarar deserto un posto docente cando non exista candidatura idónea ou cando non se poida validar a competencia docente/técnica necesaria. Poderase constituír listaxe de reserva por orde de puntuación, que poderá empregarse para substitucións, renuncias ou incidencias durante o proxecto.

13. Publicación, proposta e contratación

Finalizado o proceso, publicarase a relación provisional de puntuacións nos medios que se indiquen na convocatoria, coa identificación proporcional das persoas candidatas. As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo indicado. Resoltas as alegacións, aprobarase a relación definitiva e a proposta de contratación.

A proposta non xera dereito automático á contratación se non se cumpren os requisitos, non se acredita a documentación requirida, non se supera a validación técnica/docente procedente ou concorre causa que impida a contratación laboral coa Fundación.

14. Protección de datos, igualdade e falsidade documental

Os datos persoais tratados no proceso serán utilizados exclusivamente para a xestión da convocatoria, comprobación de requisitos, valoración de méritos, publicación dos resultados nos termos legalmente procedentes e formalización, se procede, da contratación. O tratamento axustarase ao Regulamento (UE) 2016/679 e á Lei orgánica 3/2018.

O proceso desenvolverase con respecto aos principios de igualdade de oportunidades, non discriminación, transparencia, obxectividade e adecuación ao posto. A falsidade, ocultación ou inexactitude relevante na documentación achegada poderá determinar a exclusión do proceso ou as actuacións que procedan.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital